

GALICIA PARTICIPA NO COMITÉ EUROPEO DAS REXIÓNS EN BRUXELAS NO EVENTO FINAL DO PROXECTO INVEST4HEALTH PARA A BUSCA DE NOVOS MODELOS INNOVADORES BASADOS NA PREVENCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE XUNTO COA ASOCIACIÓN GALEGA DE FIBROSE QUÍSTICA

- *O encontro reúne responsables políticos, expertos europeos e investidores para avanzar en novos enfoques de investimento en saúde e benestar*
- *Invest4Health é unha iniciativa financiada polo programa Horizonte Europa con 5,5 millóns de euros e tres anos e medio de duración, orientada ao desenvolvemento de modelos innovadores de financiamento para a promoción da saúde, a prevención de enfermidades e a redución das desigualdades en saúde.*

Bruxelas (Bélxica), 29 de maio de 2026.- No día 28 de maio celebrouse no Comité Europeo das Rexións en Bruxelas o evento final do proxecto europeo Inves4Health no que a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) forma parte. Na xornada asistiu o Director da área de Desenvolvemento de Innovación Sanitaria, José María Romero e a Xestora do proxecto Invest4Health, Beatriz Salgado. Acompañando aos representantes da ACIS, participou na xornada o Presidente da Asociación Galega de Fibrose Quística, Juan Antonio da Silva, quen tamén lidera a Federación Española de Fibrose Quística.

A xornada reuniu responsables políticos, expertos internacionais, investigadores, profesionais da saúde e representantes do ámbito financeiro para analizar como avanzar cara a modelos de investimento máis sostibles e orientados á prevención. Baixo o lema “Mobilising New Financial Approaches for Equitable Health and Wellbeing”, o evento serviu para presentar os principais resultados acadados ao longo dos máis de tres anos de duración do proxecto e debater as posibilidades de aplicación práctica dos modelos desenvolvidos.

No marco do encontro, Galicia participou como rexión piloto presentando a súa experiencia no desenvolvemento dun proxecto centrado na telemedicina para mellorar a atención a pacientes con fibrose quística a través da ferramenta TELEA do Servizo Galego de Saúde. Esta iniciativa explora novas fórmulas de financiamento baseadas no modelo Smart Capacitating Investment (SCI), orientadas a reforzar a prevención, mellorar os resultados en saúde e promover unha atención máis personalizada e eficiente.

Durante o evento abordáronse cuestións relacionadas coa mobilización de investimento público e privado en saúde, a escalabilidade dos modelos de financiamento innovadores, os mecanismos de gobernanza e as implicacións políticas da incorporación de novas fórmulas de investimento en promoción da saúde e benestar. Ademais, as rexións piloto compartiron experiencias e aprendizaxes derivadas da implementación das accións desenvolvidas no marco do proxecto.

Ao día seguinte, os socios do consorcio mantiveron unha reunión interna de peche centrada na avaliación do evento final, a revisión do impacto acadado polo proxecto e a identificación das principais aprendizaxes obtidas durante a

CONTIDOS RELACIONADOS

Rexístrate na Conferencia final do proxecto Invest4Health o 28 de maio 2026 no Comité Europeo das Rexións (Bruxelas)

Invest4Health

súa execución. Así mesmo, analizáronse os seguintes pasos para garantir a continuidade e transferencia dos resultados acadados unha vez rematada a iniciativa europea.